
9 788484 575016
O GARAXE HERMÉTICO
ESCOLA PROFESIONAL DE BANDA DESEÑADA E ILUSTRACIÓN
DEPUTACIÓN PONTEVEDRA
REGRESO Á ILLA DE SAN SIMÓN


REGRESO Á ILLA DE SAN SIMÓN





# Regreso á illa de San Simón

# Regreso á illa de San Simón

Edita: Deputación de Pontevedra
Coordinador: Kiko da Silva
Deseño: Retranca Editora
Capas: Fernando Iglesias - Kohell
Gardas: Miguel Porto
Historia Principio e Final: Guión de Miguel Rojo
e debuxos de Pablo Prado.

Historias curtas:
Fernando Llor, Zaida Novoa, Ana Pumares,
Damián Gómez Figueiras, Iago Fernández Falcón,
Miriam Iglesias, Eli García, Antonio Recuna,
Fonso Barreiro, Mara Méndez, Olalla González,
Lorena Nikoli.

Impresión: Imprenta Deputación Provincial

© Deputación de Pontevedra 2021
© Das respectivas autorías 2021
© O GARAXE HERMÉTICO 2021

Primeira edición: Agosto 2021
Segunda edición: Decembro 2021
Tercera edición: Abril 2022

Depósito Legal: PO 209-2021
ISBN: 978-84-8457-501-6

Tiraxe: 500 exemplares


REGRESO Á ILLA
DE SAN
SIMÓN


A miña querida
e filla nas
horas da

# Un Tesouro de Memoria

A illa de San Simón foi inspiración de trobadores medievais, mosteiro, lazareto, fogar de crianzas orfas… pero tamén a illa da morte. Unha “colonia penitenciaria”, segundo a terminoloxía franquista, que na realidade non era outra cousa que un campo de concentración no que o amoreamento dos pavillóns, o maltrato e os fusilamentos nos terreos do contorno se sucedían día tras día. O que alí aconteceu é preciso contalo, facelo ver, e poñer en valor a illa como un lugar de memoria.

Con este libro de banda deseñada queremos chegar á xente moza, narrar os feitos nun formato atractivo e actual e dando un paso máis sobre a historia da illa de San Simón na literatura, que xa foi escenario de libros coma Noite de voraces sombras, de Fernández Paz, ou O lapis do carpinteiro, de Manolo Rivas. Queremos facer unha incursión nun novo xénero da man de trece autoras e autores noveis da escola de banda deseñada O Garaxe Hermético, que, con gran profesionalidade e cunha perspectiva chea de sensibilidade, abordan unha etapa escura de maneira accesible para as e os máis novos.

Traballaremos para que esta iniciativa editorial teña continuidade e para dar a coñecer tamén a historia doutros lugares icónicos para a memoria do país. Mentres, con esta primeira entrega sentirémonos xa compracidos e veremos que o obxectivo está cumprido se o que aquí se conta serve de xermolo para que vós, lectoras e lectores, busquedes máis información e iniciedes unha reflexión sobre o que aconteceu neses anos escuros que deixaron unha marca de represión e freo para o desenvolvemento do noso país…

Porque a illa de San Simón é un tesouro de memoria.

Agardo vérmonos no camiño!

María Ortega

Deputada de Memoria Histórica



# O que San Simón agocha



San Simón atesoura, cal cofre pirata, un feixe de alfaias. Son as historias de centos de homes que, entre 1936 e 1943, estiveron presos na illa ou fronte as súas costas, nas adegas do Upo Mendi, por ter defendido ideas de liberdade, xustiza e democracia na primavera republicana. Son as confidencias de ducias de mulleres que, no tempo invernal do franquismo, afastaban da cabeza o medo para pousar a cesta na que levar o acubillo da prenda de lá, do pan ou da carta.



Son as lembranzas de tantas criaturas que creceron co pai atrapado tras unha reixa ou perdido para sempre nas noites dos lobos, e as vidas dignas das súas nais.

As avoas contáronnos cousas que nas présas dos xogos deixamos de escoitar, e ficamos nós tamén, durante décadas, no cárcere do silencio, da historia mal contada, do dedo que sinalaba quen non tiña que sinalar. Perdemos o relato apaixonado dos artigos que escribía no xornal o alcalde de Bueu, Johán Carballeira, das imaxes que plasmou para a eternidade a cámara de Dámaso Carrasco, o consignatario vilagarcián, dos debuxos esperanzadores de Reisiño. Agocháronnos a emoción do relato de Otilia, e é hora de recuperala.

Este libro non conta un conto. Este libro conta a túa historia, a nosa, a de quen nos precedeu.

E non hai maior tesouro para un pobo.

Montse Fajardo
*O pasado por vir*


A miña querid
e filla nas derr
horas da m ña
pidovos
dil





Guión: Miguel Rojo
Debuxos: Pablo Prado


Maica, ti estás segura do que fas?
Se nos cacha o monitor vannos castigar durante todo o campamento.
Hoxe toca kayak.... encántame o kayak!!
Illa de San Simón
CAMPAMENTO PIRATA
A ti o que che encanta é o monitor, Fani...
Xa está o Trolas inventando cousas!
Aquí está! Tal coma mo describiu meu avó.


Aí está a pechadura...
... e o meu avó deume a chave.
E que se supón que imos atopar? Sabes que nesta illa morreu moita xente?, contáronmo na casa.
Non haberá pantasmas?
Tranquilo, buscamos o tesouro do pirata Francis Drake.


CLAC
BROOOOUN!
De onde saíu esa escaleira?
BROOOUN!
Nh..nh...Non iremos baixar por aí?
Imos Fani, o tesouro agarda.


Tesouro!, Tesouro!
Tesouro!, Tesouro!
Tesouro! Tesouro!
Tesouro?
Mirade! Un cofre!
Pero que birria é esta?... Só hai papeis!
Mirade as datas, son historias de xente que viviu aquí.
Temos que lelas todas, por se teñen pistas



# Miralos aos ollos

Guión: Fernando Llor
Debuxos: Ana Pumares


Querida Romina, xa hai tres meses que chegou o barco e aínda non sabemos ben o que pasa aí dentro...
...Faustino di que alí meten os que xa non lles caben no campo da illa, pero non sei.


Cada noite levamos o que podemos, ás veces algo de pan ou roupa.
Carmen pídeme que suba eu, ó principio ía ela, pero non aguantou máis. E compréndoa...


¡Eh!¡Boa noite!
Boa noite, Faustino, que traes hoxe?
Algo de roupa, xa saben, co frío que vai...
E tanto que vai.
Agarda un momento que che axudamos a subir todo.
...é moi difícil, pero non polos gardas, penso que fan como que non nos ven e saben o que facemos...


!
... o difícil é miralos aos ollos...



# Pés descalzos

Guión e cor: Fonso Barreiro
Debuxos: Antonio Recuna


AUGA!
UN POUCO DE AUGA POR FAVOR!
UN VESTIDO? SÍNTOO MOITO OTILIA, CASE NON TEMOS NIN PARA COMER.
E MOITO MENOS PARA MERCAR UN VESTIDO NOVO.
AUGA?
NON SE FIXO O MEL PARA A BOCA DO ASNO!!
PERO MAMÁ! ... EU QUERO QUE ME VEXA GUAPA.
DAN GANAS DE TIRAR COS ZAPATOS.
E LOGO?
NON VES QUE SÓ TRAEN A PICAR AOS QUE TEÑEN CALZADO?


COMO NOS COLLAN MÁTANNOS! ...
FALA BAIXO! PASPÁN!
E RACHA, RACHA SEN PARAR!
ESTÁ CALAO OH!
PUAGH! CHEIRAN A QUEIXO!
VAIA DESPERDICIO.
CHIS
XESÚS!!
QUE PASA, NON TEDES SONO? QUE SORTE, NÓS TAMPOUCO!!


ALGUÉN MÁIS SABE ALGO DISTO?
ASÍ QUE TI ES O RESPONSABLE DE QUE TODA ESTA CHUSMA NON VAIA TRABALLAR.
LEVAS ROMPENDO ZAPATOS DENDE HAI UN MES.
PERO.. NON TE PREOCUPES, RATA...
...A TI NON CHE FALTARÁ NUNCA UN BO PAR DE ZAPATOS!!


EH TI! ROXO! ESPABILA QUE TES VISITA!!
PAPÁ QUERÍA ESTAR GUAPA PERO SÓ PUIDEN FACER ESTE VESTIDO CUN SACO.



# A derradeira carta de Johan Carballeira

Guión e Debuxos: Eli García


Nótase a tristura nos ollos, Carballeira!
Estás a durmir ben?
Como vou durmir, Celestino, se calquera día me levan de aquí para matarme!
Non caias na desesperación, aínda poden conmutar a túa pena!
A cantos de aquí lles conmutaron algo? Quérennos amedrentados, mallados ou mortos!


Pero a meirande das penas é non poder despedirme da nai e da Lolita!
Anda tranquilo Johan!
Vas ver que terás tempo de aburrirte de estar nos brazos da Lola!
Vas ver...!


TAP TAP TAP!
Velaí os veñen!
TAP TAP TAP
¡Vamos deprisa, todos en pie!
¡Avelino Chapela Soliño, Manuel Graña Pouseu, Manuel Chapela Couso y José Gómez de la Cueva alias Johan Carballeira! ¡Recojan sus pertenencias!


Acouga Johan! ¡Xa cho levo eu!
É que me tremen moito as mans!
Tes que levar a esperanza de que che conmutarán a pena de morte!
O que teño que levar é valor para morrer!
Lolita, Lolucha:
Conserva esta foto
donde escribo cuando falta
hora y 1/4 para morir,
a las 6 menos 1/4 Cueva
Morimos a las siete, cuando
te despiertes y pienses en mi
seguramente.



# Cando poidamos falar

Guión e Debuxos: Miriam Iglesias


VÉXOTE DERREADA, MEU BEN! PEOR CA MIN, E EU DURMO COS RONQUIDOS DE OITENTA HOMES NA ORELLA.
VESME ASÍ PORQUE LEVO XA TRES DÍAS SEGUIDOS INDO E VINDO DENDE VILAGARCÍA, QUEIXARASTE DOS RONQUIDOS!
TRES DÍAS! E LOGO, A QUEN VISITACHES? PORQUE EU HAI POLO MENOS VINTE QUE NON TE VEXO.
HAI DÍAS NOS QUE NIN O LANCHÓN APARECE E, COMO NON VEÑA A NADO, NON ME QUEDA OUTRA QUE DAR MEDIA VOLTA E TENTALO Ó SEGUINTE.
FÍXOSE LONGA A VIAXE, NON SI?
...FÍXOSE, SI.
OH! TROUXEN A CÁMARA.
TI TOLEACHES! PARA QUE A QUERO AQUÍ?
E PARA QUE A QUERO EU NA CASA?
PARA VENDELA, MULLER! NON VES QUE AQUÍ NON SE PODE...?
¡REQUISADA!


Para a próxima dálle as grazas a Chicha da miña parte.
Se saímos desta estades invitados a comer na miña casa, oíches?
Para entón xa nin te acordarás!
Conseguiuno! Déixame ver!
Din algo de Pontevedra?
Sábese do xuízo do meu irmán?
A última vez case a cacharon. Antes de que o garda a descubrise, non foi e meteu a nota na boca? E así, coma se nada, comeuna!
Meu ben, que ledicia me daría volver falar sen reixas e sen indesexables poñendo a orella.
Sei que estás a calar de todo, coñézote!
Que viron eses ollos teus?


¡Carrasco! ¡Venga aquí!
Usted que sabe, sáquenos una a los tres.
Non son eu quen para dicilo, pero non está prohibido?
¿Qué mal va a hacer una foto? ¡Venga!
Perdoa por berrarche, ó final si que precisaba a cámara. Ti sempre sabes!


Ninguén se resiste a unha fotografía.
Aínda que moitas veces teño que sacalas ás agochadas. Pero acouga, non hai quen me cache.
Disque esta semana non hai visitas.
Vaia, home.
Mentres, polo menos, quedará gravado nalgures o que foi de nós neste recuncho do mundo.



# FE

Guión e debuxos:
Iago Fernández Falcón
Damián Gómez Figueras


Unha vez coñecín un home tan idiota...
Tan idiota coma pra deixarse enganar polo Demo...
Terminamos.
Daniel, reparte la comunión entre tus compañeros.
Claro, voy.
Roque.
Si, grazas.
Listo, Padre.
Ya podrían tener este grupo de despropósitos tu comportamiento.
Cualquier cosa es poca para conseguir el perdón de Dios.
Sigue así, vas por buen camino.


Daniel, axúdanos con isto...
Ti es o máis preto ó cura.
Négome!
Síntoo pero iso é coma traizoar a Deus.
Pero co que nos custou atopar a man.
Velo? Xa che dixen que non axudaría, ademais, xa é tarde.
Que? Tarde?
Sabía demasiado Roque, onte conseguimos coarnos e cambiar as ordes dos fusilamentos...
Era necesario, ese demo non se vai perder iso.


Disculpe...
Eh?
Padre, vengo a por Daniel Ferreiro.
Claro, Daniel ya escuchaste.
Sí...
¿Adónde crees que vas?
¡Qué te tumbes!
¡Carguen!
¡Apunten!
Onde?... Que son esas voces?
PAAANG!!
¡Fuego!


¡¿Pero que creéis que hacéis?!
S-sigo vivo?
Esa voz é a...
No me digáis...
Que no veis que este necesita un tirito más.
Por fin.
Conseguímolo.
Unha vez coñecín a un home tan idiota...
Tan idiota coma pra deixarse enganar polo Demo...
Pero...
Quen son eu pra xulgalo?
Se eu fun un dos que lle vendeu a súa alma.



# O Comezo

Guión e Debuxos: Zaida Novoa



ILLA DE SAN SIMÓN, 1938
ESTOU BALDADO.
MENOS MAL QUE REMATARON AS OBRAS.
SERÁ MELLOR QUE SENTEMOS UN POUCO.
OS DÍAS PASAN SEN MÁIS. DESPOIS DA TOMA DE TERUEL PARECE QUE NON LLES IMPORTA QUE ESTEAMOS LIBRES POLA ILLA.
CRES QUE ELOÍSA VIRÁ HOXE?
DÍXENLLE QUE NON VIÑERA ESTA SEMANA.
A NOSA IRMÁ XA TEN BASTANTE COA FAMILIA. SEN CONTAR TODO O QUE FAI POR NÓS.
E NOSO PAI... ESPERO QUE ESTEAN TODOS BEN...
MARCHO XA PARA O ALMACÉN. VÉXOVOS DESPOIS, MANUEL!
RECORDA! TEMOS O PARTIDO DE FÚTBOL NUNHA HORA!
NON ME DIGAS QUE HOXE HAI PARTIDO?!
HOME NON! E XA VERÁ QUE QUENTA LLES ÍMOS DAR!
NON SEI CANTO DURARÁ ESA FALSA SENSACIÓN DE LIBERDADE... PERO MELLOR NON PENSALO.


POR ISO, MOITAS VECES DIRÍXOME AO PEIRAO DO LESTE. PÓDESE VER A PRAIA DE CESANTES E A VISTA É FERMOSÍSIMA.
OU? PERO ISO NON É...?
SÓ QUE ESA VEZ ATOPEI CON OUTRO PANORAMA...
BOAS!
CREO QUE CONFUNDICHES O CAMIÑO. NON ESTÁS EN BO PORTO.


NON, ESTOU ONDE TEÑO QUE ESTAR.
COMO TE CHAMAS? PODO AXUDARCHE SE VES VISITAR A ALGUÉN...
SON CHARO. E NON, NON VEÑO VISITAR A NINGUÉN. NON TE MOLESTES...
ALFREDO, O MEU NOME É ALFREDO.
AÍNDA QUE TODOS ME CHAMAN REI OU REISIÑO.
REISIÑO? E POR QUE TE CHAMAN ASÍ?
CÓNTOCHO SE ME DIS POR QUE ESTÁS AQUÍ.


Ao parecer, a rapaza ten unha fonda en Redondela, "A Cueva", e ten que vir todos os días á illa para traer comida a un señor de León, un señor rico.
CHARO VOLVEU TÓDOLAS MAÑÁS DESDE AQUEL MOMENTO, FIXERA CHUVIA OU SOL, PARA CUMPRIR CO SEU TRABALLO.
E EU, COMO O ADMINISTRADOR DO ECONOMATO, RECOLLÍALLE A COMIDA.
QUEN ME ÍA DICIR A MIN, SE PARECÍA QUE OS MEUS DÍAS XA SEMELLABAN CONTADOS...
... QUE ESTE ERA OUTRO COMEZO!



# Marea

Guión e Debuxos: Mara Méndez




ESTOU MOI MALLADO, NON SEI SE...
NO-N, NON P-ODO!


AGUANTA!
NON!
AXUDA! ESTOU AQUÍ! AXUDA!
MOITAS GRAZAS, DE VERDADE, GRAZAS...


ESPERTA!
N-ON! PÍ-PÍDOLLO POR FAVOR! OUTRA VEZ NON!
OUTRA VEZ NON!



# A MANCHA

Guión: Fernando Llor
Debuxos: Olalla González


¡ANGELITOS DE DIOS! ¡HIJOS DE LA PASIONARIA!
¡DINAMITEROS! ¡VOSOTROS!
¡HAY QUE QUEMAROS COMO SE QUEMÓ A LOS JUDÍOS! IGUAL QUE EL LABRADOR HACE LA ESCARDA DE LA MALA HIERBA, CRISTO PERMITE QUE SE EXTIRPE PARA QUE HAYA UNA BUENA COSECHA
Susa, xa non sei canto me queda, cada noite chaman a varios e non volven...
...o cura é o peor de todos, na vida vin a ninguén gozar tanto do sufrimento dos demais...


¡¡¡FUEGO!!!


PAI, PAI, POR FAVOR...


¿QUÉ QUIERES?
O MEU HOME, ESTÁ EN SAN SIMÓN
HAI SEMANAS QUE NON TEÑO NOVA NINGUNHA... VOSTEDE VAI ALÍ...
SI ESTÁ ALLÍ ES PORQUE ALGO HARÍA



# ILLA DE PAPEL

Guión e Debuxos: Lorena Nikoli


Illa de San Simón.
15 de Febreiro de 1937
Sra. Alejandra Nogueira
Querida esposa:
Rematei de almorzar, son as oito e media da mañá. Despois de rematar todas as obligacións, tocar a campá para que todo o mundo se poña en pé, recoller o rancho e asear a brigada, quixen escribirche.


Aínda lembro cando nos sacaron daquí para facermos a estrada de Santa Cristina de Cobres.
Cavilei por un intre con que todo remataba, que baixaría daquela barca para reunirme convosco... mais só sentín o preto do lonxano.
SUBA.


Quixo o destino que se
interrompese a nosa ledicia,
privándome da miña liberdade
pero teño fe en algún día ser
libre para poder reconstruír o
noso niño desfeito momentánea-
mente.
Joaquín


ALÍ ESTÁ!
COMO ESTÁS, FORMIGA?
XA TEÑO CON QUE XOGAR, DISQUE
NON É PARA ISO. É PARA QUE VOLVAS LOGO Á CASA.


Mimá, pero toda esta xente... que mal o pasou!
Por que non ensinan isto no colexio para que non volva pasar?
Non o entendes??
Este é o tesouro!!


Son moi valiosas!
E logo, canto me van pagar por elas en ebay?
Isto non se vende, Trolas!
Temos que levalo ao mellor museo de Galicia!
E iso?, Non hai museo na illa?
Desmante-lárono!
Esta xente merece que se coñezan as súas historias.
Este non é un lugar para celebrar festas nin campamentos piratas



TAP TAP TAP
Onde estabades?, Levo toda a mañá a buscar por vós!
Atopamos un tesouro!!
Tesouro? Que tesouro? Aquí non hai tesouros, Trolas. Non inventes.
PIRATA




Oes...
e que abrirá
a outra
pechadura?
Que outra
pechadura?
É certo...
á estatua
faltáballe tamén
a outra man...

Este libro rematouse o 29 de xullo de 2021 en Pontevedra, no XXII aniversario da declaración de ben de interese cultural con categoría de Sitio Histórico da illa de San Simón.



